DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 104 | Venres, 4 de xuño de 2021 | Páx. 27649

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

*RESOLUCIÓN do 27 de maio de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regula a xestión de probas de nivel lingüístico para o alumnado dos centros públicos dependentes desta consellería non pertencentes á Rede de Centros Plurilingües.*

Co obxecto de facilitar a xestión de probas de nivel lingüístico para o alumnado dos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade non pertencentes á Rede de Centros Plurilingües, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, resolve anunciar:

Primeiro

Que na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (www.edu.xunta.gal) estará dispoñible a regulación da xestión de probas de nivel lingüístico para o alumnado dos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade non pertencentes á Rede de Centros Plurilingües.

Segundo

Que o prazo de presentación de solicitudes será ata o 30 de xuño de 2021 e a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro

Que os centros que desexen participar nesta convocatoria deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á que se accede no enlace http://www.edu.xunta.es/programaseducativos

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2021

José Luis Mira Lema
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

CVE-DOG: jpsncjc2-bjg5-z5c4-b903-hlornnr4ej84